



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100

Fax 981 821 741

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM 3954/2010.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Resolución deste Alcalde número 3296/2010, do 8 de setembro, incóase expediente de contratación da obra “Proxecto básico e de execución para a recuperación, rehabilitación e substitución do enlousado na Rúa Suárez Oviedo” incluído na cuarta fase de financiamento de obras de rehabilitación e de urbanización na área de rehabilitación do Casco Histórico de Noia, elaborado pola arquitecta dona Lara Lozano Formoso, colexiada número 2.837, aprobado por resolución do Concelleiro delegado, de data 24 de xuño de 2008, cun orzamento de execución por contrata de cento dezasete mil oitenta e nove céntimos con oitenta e catro céntimos(117.089,84 €).

Segundo. En data 5 de outubro, por resolución do alcalde acordase aprobar o expediente de contratación tramitado , por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de execución da obra “Proxecto básico e de execución para a recuperación, rehabilitación e substitución do enlousado na Rúa Suárez Oviedo” incluído na cuarta fase de financiamento de obras de rehabilitación e de urbanización na área de rehabilitación do Casco Histórico de Noia, expediente número 34/10-OB-PN e autorizar o gasto por un importe

- a) Prezo sen IVE: noventa e nove mil douscentos vinte oito euros con sesenta e oito céntimos (99.228,68 €).
- b) IVE: dezasete mil oitocentos sesenta e un euros con dezaseis céntimos(17.861,16 €).
- c) Total (a+b): cento dezasete mil oitenta e nove céntimos con oitenta e catro céntimos(117.089,84 €)

Terceiro. Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse dúas, polas empresas: PROMONOIA S.L CES .S.L., en prazo e cumprindo cos requisitos establecidos na cláusula 7 do prego de administrativas que rexe esta contratación, non presenta proposición a empresa Argalzas S.L

Cuarto. o órgano de contratación, en base ó establecido no prego de administrativas, ACORDA declarar admitidos e excluídos aos seguintes licitadores, polos motivos que se indican:

- LICITADORES ADMITIDOS.
CES, SL.
- LICITADORES EXCLUÍDOS.

CONSTRUCCIÓN ARGALZAS S.L, o non presentar proposición

PROMONOIA, SL, o non aportase curriculum vitae do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, indicándose a súa titulación académica e profesional.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía número 3907/2010, de 22 de outubro, clasifícase por orden decrecente as proposicións presentadas, e outórgase a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e admitidos no procedemento negociado convocado por Resolución do Alcalde número 3734/2010, do 5 de outubro de 2010, para a adxudicación do contrato da obra “ Proxecto básico e de execución para a recuperación, rehabilitación e substitución do enlousado na rúa Suárez Oviedo”, expediente de contratación número 34/10-OB-PN:

1º CES.S.L.		
I) OFERTA ECONÓMICA (máx. 60 p.).		
Importe	% baixa	Puntos

98.720,63 € (sen IVE)	0,51	1,54
Subtotal aptdo. I)		1,54
II) REDUCCIÓN DE PRAZOS (máx. 50 p.)		
Prazo ofertado	Días naturais de redución	Puntos
Non consta.	0 días	0
TOTAL PUNTUACIÓN		1,54

Quinto: No mesmo acordo requírese á empresa **CES. S.L.**, candidato que presenta a oferta mais vantaxosa, para que en un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse o corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma, Concello de Noia e Seguridade Social e de dispor efectivamente dos medios que compromete adscribir a execución do presente contrato consonte o sinalado no artigo 54.2 e de ter constituída a garantía definitiva por importe de 4.936,03 euros.

Sexto. En cumprimento do anterior, **CES. S.L.**, achega a documentación complementaria esixida e constituíe na Tesourería Municipal a garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 4.936,03 €.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Segundo o disposto no artigo 135 da LCSP a a adxudicación deberá notificarse os licitadores e publicarse no perfil do contratante, é conterá a información que nel se indica.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª da LCSP, posto que o importe acumulado de tódalas anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o contrato de execución das obras de “Proxecto básico e de execución para a recuperación, rehabilitación e substitución do enlousado na Rúa Suárez Oviedo” á **CES S.L.**, con código de identificación fiscal número B-15026289 por importe de cento dezaseis mil catrocentos noventa euros con trinta e catro céntimos (116.490,34 €) IVE incluído, co seguinte desglose por obter unha maior puntuación, segundo os aspectos obxecto de negociación establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación, todo elo de acordo ao proxecto técnico aprobado, prego de cláusulas administrativas particulares e proposición presentada polo adxudicatario:

- a) Prezo sen IVE: noventa e oito mil setecentos vinte euros con sesenta e tres céntimos (98.720,63 €).
- b) IVE: dezasete mil setecentos sesenta e nove euros con setenta e un céntimos (17.769,71 €).
- c) Total (a+b): cento dezaseis mil catrocentos noventa euros con trinta e catro céntimos (116.490,34 €)

Segundo. Ordenar a publicación da presente adxudicación no perfil do contratante do Concello de Noia (www.noia.es).

Terceiro. O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos días hábiles seguintes ó da data de adxudicación, o anuncio de formalización publicarase no perfil do contratante e BOP, este último anuncio publicarase no prazo de 48 días dende a data da mesma.

Cuarto. Dentro do prazo dos dous (2) días hábiles seguintes á formalización do contrato efectuarase a comprobación da implantación do proxecto, na data que sinale a administración, polo que queda obrigado o



Rosalía de Castro, 2
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100

Fax 981 821 741

contratista, trala notificación previa, a acudir e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da LCSP.

Quinto. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado o Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación a autoridade laboral.

Sexto. O contratista queda obrigado a iniciar as obras no prazo máximo de cinco (5) días naturais seguintes ao da sinatura da Acta de comprobación da implantación.

Sétimo. Nomear de forma expresa ó arquitecto técnico municipal don Torcuato Gómez Gómez, director facultativo da obra, e a don José Ventura Fernández Sarasquete, coordinador en materia de seguridade e saúde da mesma.


Oitavo. Notificar a presente resolución a todos os licitadores participantes, coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Noveno. Dar traslado da mesma ó director facultativo e ó coordinador en materia de seguridade e saúde, ós servizos municipais de Intervención, Tesourería e Xefatura de Rendas e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque.

Noia, 29 de outubro de 2010.

O Alcalde en funcións.

Asdo. Rosalino García Novo.



A secretaria,

Asdo. Raquel B. Bahillo Varela.

